

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**2989** *Real decreto 266/2017, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.*

O Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola, ten como obxecto establecer a normativa básica aplicable a unha serie de medidas recollidas no Programa de apoio ao sector vitivinícola español 2014-2018 presentado por España ante a Comisión Europea.

Aqueles interesados en beneficiarse por estas medidas de apoio deberán presentar as súas solicitudes no tempo e forma establecidos polas comunidades autónomas na súa respectiva normativa e/ou nos procedementos que dispoñan. De aí que se considerase necesario modificar o artigo 2 do dito real decreto co fin de aclarar aos interesados cal debe ser o órgano competente ante o que se deben dirixir as súas solicitudes, independentemente de que as ditas solicitudes poidan presentarse ante calquera dos rexistros, segundo se recolle no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, aprovéitase esta modificación para corrixir os erros detectados nos artigos 5 e 61 e no anexo V.

Inclúese, así mesmo, unha disposición transitoria co fin de dar cobertura a aquelas solicitudes que se presentasen antes da entrada en vigor deste real decreto.

Na elaboración deste real decreto consultáronse comunidades autónomas e as entidades representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de marzo de 2017,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.*

O Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola, queda modificado como segue:

Un. A letra a) do artigo 2 queda redactada como segue:

«Autoridade competente: respecto das axudas reguladas na sección primeira, será autoridade competente o órgano competente da comunidade autónoma en que o solicitante teña o domicilio fiscal, ou o Fondo Español de Garantía Agraria, para as axudas solicitadas polos organismos públicos de ámbito nacional. Respecto das demais axudas reguladas neste real decreto, será autoridade competente o órgano competente da comunidade autónoma en que o solicitante teña as superficies ou instalacións.»

Dous. O último parágrafo da letra b) do número 1 do artigo 5 queda redactado como segue:

«No caso das asociacións temporais ou permanentes de dous ou máis produtores será de aplicación o establecido nos artigos 61.2 e 64.4.c), penúltimo parágrafo do artigo 66.1, artigo 68 e artigo 70.6 do presente real decreto.»

Tres. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 61 queda redactado como segue:

«Non obstante, cando se trate de empresas cuxa actividade sexa unicamente a comercialización, ao menos un 80 por cento da súa facturación do último exercicio cerrado deberá proceder da comercialización dos produtos do anexo VII parte II do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.»

Catro. O terceiro punto da letra b) do número 2 do anexo V queda redactado como segue:

«Se ao menos o 75% do orzamento está dirixido a países dos grupos 1, e/ou do 2 e/ou do 3: mínimo 3 puntos; concederanse 0,4 puntos por cada 5% de incremento no orzamento neses destinos até chegar a un máximo de 5 puntos.»

**Disposición transitoria única.** *Solicitudes da medida de promoción en mercados de terceiros países presentadas con anterioridade.*

As solicitudes da medida de promoción en mercados de terceiros países presentadas antes da entrada en vigor deste real decreto entenderanse dirixidas á autoridade competente segundo a definición do punto un do artigo único.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA